O ALUMNADO DO IES FREI MARTÍN SARMIENTO DE PONTEVEDRA PODERÁN DOAR SANGUE ESTE XOVES

O alumnado do IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra poderán doar sangue na unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) que estaráa o xoves 12 de novembro nas súas instalacións. Esta visita forma parte da campaña "Un alento de vida" que está a incentivar a doazón de sangue entre o estudantado galego. Ademáis, a ADOs instalará unha mesa informativa sobre a doazón de médula ósea ao longo da xornada de mañá para solventar dúbidas sobre este xeito de doazón.

A Axencia quere convidar a todos os membros da comunidade educativa a doar sangue na unidade móbil que estará estacionada no aparcamento diante do instituto das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 hotas.